

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 26 DE AGOSTO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e seis de agosto de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as dez horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 20 de agosto de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Isabel Saa García

Consta nas dependencias municipais a comunicación previa de execución de obras, presentada con data 3 de xuño de 2026 (RE-E núm. 400), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	ISABEL SAA GARCÍA
DNI	██████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSERVACIÓN DE FACHADAS EN VIVENDA UNIFAMILIAR
LUGAR	A VEIGA
PARROQUIA	RÍO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AUGAS
RFª. CATASTRAL DO INMOBLE	002300900NH82D0001YS
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Memoria técnica valorada asinada polo arquitecto técnico Don Henrique Mella Otero en data 03/11/25)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	4.075,63 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	TRES (3) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe da técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Isabel Fernández-Gago Longueira, de data 24/08/26)

Debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- As obras quedan suxeitas ao cumprimento dos condicionantes establecidos polos seguintes informes e/ou autorizacións emitidas por organismos con competencias de carácter sectorial:

- Autorización previa de obras na ZCP Val de Camba, emitida polo Servizo de Infraestruturas Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra en data 02/06/26.
- Comunicación de declaración responsable da Zona Hidrográfica Galicia-Centro de Augas de Galicia de data 06/02/26 (Clave [REDACTED]).

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de OITENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (81,51 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- CONCESIÓN DE PRIMEIRA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Dona Leticia Diéguez Alonso, na representación que ostenta no presente expediente de Don ADOLFO VÁZQUEZ SOBRADO, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Melide, parroquia de San Salvador de Camba, solicita con data 20 de maio de 2026 (RE-E núm. 350) unha primeira prórroga do prazo para o inicio das obras de SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA

EN VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Melide, parroquia de San Salvador de Camba.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 25 de novembro de 2025, acordou conceder a correspondente licenza municipal para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado polo solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Consta informe da técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Isabel Fernández-Gago Longueira, de data 24/08/26, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: *“Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”*.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder ao solicitante unha primeira prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 26 de novembro de 2026.

4.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN PEDROSO-GURGUEIRO. CONCELLOS DE RODEIRO E AGOLADA”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 20 de agosto de 2026, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN PEDROSO-GURGUEIRO. CONCELLOS DE RODEIRO E AGOLADA”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 25 de agosto de 2026.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados/as e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN PEDROSO-GURGUEIRO. CONCELLOS DE RODEIRO E AGOLADA”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 53.342,55 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

5.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA EN PERÍODO LECTIVO PARA O CURSO 2026/2027” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia en período lectivo para o curso 2026/2027*”, que se desenvolverá dende o día 9 de setembro do corrente ata o remate do curso académico 2026/2027. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período lectivo do curso escolar 2026/2027. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico e cofinanciado a través do Plan Corresponsables.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo a actividade rexerase polas Bases reguladoras do servizo de campamentos e servizos de conciliación do Concello de Rodeiro, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 8 de xuño de 2022.
- ✓ A actividade desenvolverase de luns a venres, agás días non lectivos e períodos vacacionais, segundo o calendario escolar de Galicia para o curso académico 2026/2027. Dará comezo o día 9 de setembro de 2026. As datas de comezo e final da actividade correspóndese exactamente co inicio e final do curso escolar 2026/2027.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive, empadroados/as no Concello de Rodeiro.
- ✓ O lugar de desenvolvemento será no edificio da sindical, en dúas aulas da 1ª pranta. O equipo de monitores do programa recollerá aos menores, que os proxenitores así o autoricen, no CPI de Rodeiro ao remate da xornada escolar. O lugar de recollida será na sindical.
- ✓ A programación desenvolverase nos seguintes horarios: 16:20h a 20:20h de luns a xoves e os venres de 13:50h a 17:50h.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do concello ou a través da sede electrónica. Realizarase unha solicitude por cada menor que desexa praza na actividade, indicando os días da semana que acudirá. Os/as menores inscritos/as no programa Concilia con anterioridade terán que presentar a solicitude e únicamente a

documentación complementaria que non conste no seu expediente ou a que sexa preciso actualizar coma a referente á situación económica.

- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade Concilia Rodeiro establécese entre o 27 de agosto e o 4 de setembro de 2026 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres poderanse inscribir menores ata completar as prazas existentes.
- ✓ Fíxase un máximo de 30 prazas por día da semana. Poderá haber máis de 30 inscricións no programa pero non superar as 30 prazas en cada día da semana.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas o criterio de acceso será o nivel de renda per cápita das unidades familiares solicitantes. Unha vez ordenadas as solicitudes por orde crecente de renda, en caso de empate, terán prioridade as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero e de outras formas de violencia contra a muller, unidades familiares con persoas con discapacidade, persoas en risco de exclusión social, solicitantes con protección internacional ou con estatuto de refuxiado/a e unidades familiares nas que existan outras responsabilidades relacionadas cos coidados de familiares ou persoas dependentes ao seu cargo.
- ✓ O coste mensual pola asistencia ao programa fíxase en base ao establecido na Ordenanza que establece o prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas do Concello de Rodeiro (BOP núm. 194, do 7 de outubro de 2010).
- ✓ Para valorar o nivel de renda da unidade familiar e así fixar o prezo público a abonar terase en conta o exercicio fiscal 2025. De non ter presentada a declaración de IRPF de 2025 pedirase o último certificado de rendementos imputables dispoñible.
- ✓ As persoas solicitantes que non aporten documentación económica pagarán o prezo público máximo segundo as horas de asistencia que solicitan.

6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Raquel Blanco Valladares, traballadora laboral fixa do Concello no posto de traballo de mestra do Punto de Atención á Infancia (PAI), atópase en situación de baixa laboral por IT, derivada de enfermidade común, dende o día 21 de xaneiro do corrente. En consecuencia, existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao obxecto de manter a ratio de persoal na dita instalación municipal e así evitar prexuízos aos/ás usuarios/as da mesma.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2026,

establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2026, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable.

Proponse para a presente contratación utilizar a lista de reserva aprobada por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 7 de abril do corrente.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como coidadora do Punto de Atención á Infancia (PAI), mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SORAYA LÓPEZ TABOADA, con DNI núm. [REDACTED] a tempo completo (37,5 horas/semana), en substitución da traballadora Raquel Blanco Valladares, polo tempo que dure a súa baixa laboral por IT.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Isabel Varela Vázquez, traballadora laboral fixa do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das vacacións anuais, pendentes dos anos 2025 e 2026 que non puido gozar por mor da súa situación de baixa por IT, nos presentes meses de agosto, setembro, outubro e novembro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2026, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ CLEUNIRA MARÍA GRANDI CARDOSO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 27 de agosto e 10 de novembro do corrente, ambos inclusive, en substitución da traballadora Isabel Varela Vázquez.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE RÍO

VISTO o escrito presentado por Don José Manuel Crespo Rodríguez, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Mouriz, parroquia de Río (RE núm. 1308, do 24/08/26), na representación da Comisión de festas da parroquia de Santa María de Río, polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 15 e 16 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

9.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE RIOBÓ

VISTO o escrito presentado por Dona Tania Albor Deza, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar da Aldea de Baixo, parroquia de Riobó (RE núm. 1306, do 21/08/26), na representación da Comisión de festas da parroquia de San Miguel de Riobó, polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas o pasado día 18 de xullo do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 7.773,16 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xuño de 2026, s/recibos.

- NATURGY CLIENTES S.A.U. 2.762,53 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xullo de 2026, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 763,16 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7MH0002960, TA7MH0002971, TA7MH0002983 e TA7MH0017463 (FACe).
- MARÍA ELENA JORGE MATO 82,16 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 118,42 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello nos meses de xuño e xullo de 2026, s/facturas núm. 26ZNX0135113 e 26ZNX0161736 (FACe).
- AUTOCARES MEIJIDE S.L. 1.045,00 €
Por desprazamento dos participantes nos programas de conciliación do verán, s/factura núm. MEI2026A07-0029.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 834,90 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeado público do Concello, s/factura núm. 61/26.
- SILVIA GRANJA PEREIRA 27,00 €
Por subministro de material eléctrico para a piscina municipal, s/factura núm. 38/26.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 7.393,10 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de xullo de 2026, s/factura núm. 2026/2318 (FACe).
- CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA 665,00 €
Por representación do espectáculo “*Historias dun Mundo Grande*” de Bandullo Azul, dentro da programación de Cultura no Camiño 2026, s/factura núm. 3172026 (FACe).

- AGROFORESTAL XANEIRO S.L. 145,20 €
Por traballos de desbrozadora, s/factura núm. S-26119.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 1.270,50 €
Por transporte de materias de construción para obras en camiños municipais, s/factura núm. 29/2026.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as dez horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)